

DÍA 4 DE MAIO RUTINAS CORRESPONDENTES AO DÍA (RECORDADE QUE CAMBIAMOS O MES)

Hoxe imos facer esta maratón que sacamos da páxina Orientación Andújar e como sabemos que a primeira parte vos gustou moito... seguro que esta segunda parte vos vai gustar aínda máis

DÍA 5 DE MAIO RUTINAS CORRESPONDENTES AO DÍA VEMOS O CONTO DA CASA DA MOSCA CHOSCA.

https://www.youtube.com/watch?v=CfzEpFwj1_E&t=47s

ESTE CONTO TEN UNHA CANCIÓN INTERPRETADA POR NENOS DE BURELA QUEREDES ESCOITALA???

<https://www.youtube.com/watch?v=IXFgnQTawqk>

1. PREGUNTAS SOBRE O CONTO.
QUE INAUGURABA A MOSCA CHOSCA
QUENES A FORON VISITAR
QUEN CHEGOU EN PRIMEIRO LUGAR??
QUEN CHEGOU EN TERCEIRO LUGAR
QUEN FOI O ÚLTIMO
2. ESCRIBEPALABRAS POR CH (Para complicar a tarefa podedes compoñer palabras con letras de revistas, periódicos...)
3. ESCRIBIMOS OS ORDINAIS DO PRIMEIRO AO SÉPTIMO NUN FOLIO (MELLOR EN HORIZONTAL VALE O FOLIO NO QUE ESCRIBIMOS A DATA)
DEBUXAMOS OS PERSOAXES SEGÚN EN QUE ORDE CHEGARON E ESCRIBIMOS O NOVE DEBAIXO
4. PRECISAMOS UN BRICK DE LEITE PARA ESTA ACTIVIDADE OU UNHA CAIXA DE CARTÓN DUN TAMAÑO APROXIMADO .
IMOS DESEÑAR A CASA DA MOSCA CHOSCA.
SACAS UNHA FOTO PARA VER O RESULTADO???

DIA 6 DE MAIO RUTINAS CORRESPONDENTES AO DIA

1. IMOS POÑER A MESA PARA SETE COMENSAIS. SE IMOS COMER TORTA QUE CUBERTOS E QUE PLATOS DEBEMOS POÑER
2. FACEMOS O DEBUXO DA MESA COS SESTE COMENSAIS COS SEUS CUBERTOS E PRATOS. OU SACA UNHA FOTO...

3. HOXE Á HORA DA COMIDA E Á HORA DA CEA DEBES POÑER TI A MESA. TEN EN CONTA

1. CANTOS SODES PARA COMER

2. QUE IDES COMER. ESTO VAI CONDICIONAR TANTO O PLATO COMA OS CUBERTOS A EMPREGAR


4. FACEMOS UN CADRO E POÑEMOS O NÚMERO EMPREGADO DE CADA

PLATOS FONDOS	
PLATOS CHAOS	
CULLERES	
GARFOS	
COITELOS	
SERVILLETAS	
VASOS	

DÍA 7 DE MAIO RUTINAS DO DÍA CORRESPONDENTE

1. DEBUXATE A TI E A SETE COMPAÑEIROS/AS E RECORTAOS. NUN FOLIO EN BRANCO ESCRIBIMOS NO FONDO 1º, 2º,3º,4º,5º,6º.7º. 8º,9º E 10º.
IDES FACER UNHA CARREIRA E MAMA OU PAPA DECIDIRÁ EN QUE LUGAR CHEGA CADA UN. TI TES QUE FIXARTE MOITO E COLOCAR A CADA COMPAÑEIRO/A NO LUGAR INDICADO. SERÁS CAPAZ?
2. VAS A CELEBRAR UNHA FESTA, PERO NON VAI A SER A FESTA DO TEU CUMPLE QUE ESA XA SABEMOS QUE A CELEBRAS TODOS OS ANOS, IMOS CELEBRAR A FESTA DAS FRORES, XA QUE ESTAMOS NO MES DE MAIO O MES DAS FRORES.
COMO BO ORGANIZADOR TES QUE ENCARGARTE DE DESEÑAR O MENÚ, OS DECORADOS, AS INVITACIÓNS...
HOXE ÍMONOS ADICAR AOS DECORADOS DA TÚA FESTA. CON PAPEL DE PERIÓDICOS PODES FACER BANDERÍNS, OU CADENETAS PARA ADORNAR O LUGAR. ... IMAXINACIÓN AO PODER
QUERO VER OS TEUS DESEÑOS!!

ALGUNHAS IDEAS...



DÍA 8 DE MAIO RUTINAS DO DÍA CORRESPONDENTE

1. XA TEMOS A DECORACIÓN PERO TEMOS MOITO AÍNDA POR FACER... POR EXEMPLOOO DESEÑAR A NOSA INVITACIÓN Á FESTA.

DESEÑA A INVITACIÓN: (REQUISITOS)

-SERÁ TAMAÑO CUARTILLA E ARRIBA DE TODO POÑEREMOS

“CONVÍDOTE Á MIÑA FESTA”

- DEBE TER UN MARCO QUE TI FARÁS. PODEN SER ESTRELAS, PUNTOS, CRUCES RAIAS, FLORES, NUBES, SOLES...
- DEBES INDICAR O LUGAR EN QUE SE CELEBRARÁ E A QUE HORA SERÁ A FESTA.

ENVÍAME O RESULTADO!!! ESTOU CONVIDADA?

HOXE TERÍAMOS ALTERNATIVA E RELIXIÓN. COMO ESTAMOS FALANDO NESTE INTRE DE CONVIDAR AOS AMIGOS, RECOMENDOVOS UNHA CURTAMETRAXE QUE FALA DO VALOR DA AMIZADE

VIDEO DE REFLEXIÓN LA AMISTAD

<https://www.youtube.com/watch?v=5QI1Jtdtq6s&t=143s>